

PILAR ALBARRACÍN

MANDALAS (ARC EN CIEL)

CONVERSA COA ARTISTA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Venres 18 de outubro de 2024

Horario: 19:00 h

Auditorio

Actividade gratuíta e de acceso libre

O CGAC convida a Pilar Albarracín a conversar sobre a súa obra *Mandala (Arc en ciel)* (2012), que se exporá no CGAC a partir do 18 de outubro de 2024 até 2025. É unha peza realizada con bragas de mulleres da contorna da artista, coas que compón formas circulares sobre un lenzo a modo de mandala, unha figura utilizada na tradición budista como ferramenta visual para a meditación.

Con este traballo, que pertence a unha serie máis ampla integrada por outras cinco pezas —actualmente nas coleccións do CAAC de Sevilla e do MUSAC de León—, a artista quixo facer unha obra participativa, onde a xente se implicase. Tal como explica ela mesma, foi recompilando “bragas de todo tipo, de España e de fóra, de mozas, de maiores, de gordas, de delgadas, festivas, eslamiadas, sofisticadas... diferentes. Un traballo que é tamén un mostrario de personalidades, de enerxías, de espíritos... sen deixar de ser unha reivindicación. É unha representación espiritual a partir dun obxecto de uso cotián case invisible, que non se mostra. Esa fina liña entre a espiritualidade e a ironía gústame e dáme que pensar”.

Emulando a práctica da elaboración de mandalas dos monxes budistas, Pilar Albarracín leva a cabo esta tarefa longa e laboriosa buscando o equilibrio e a harmonía estética en pezas nas que ten que unir a roupa interior de mulleres de talles, formas e estilos moi diversos. “Non é unha xeometría perfecta, pero é que na realidade a perfección non existe, aínda que as cousas reais achegan datos e certezas”. A través do mandala, Albarracín busca unha conexión transcendental entre todas as descoñecidas que regalan esa parte da súa intimidade para que sexa transformada en material artístico. Resignifica as pezas de roupa e crea unha composición sacra que combina o individual e o colectivo. Cada braga representa unha muller, esconde unha historia e, todas xuntas, revelan a historia da muller desde o simbólico, afastada do *voyeurismo* e o fetichismo tantas veces asociados a este obxecto.

Unha obra na que a artista nos mostra “a orixe dun novo mundo”.



El CGAC invita a Pilar Albarracín a conversar sobre su obra *Mandala (Arc en ciel)* (2012), que se exhibirá en el CGAC a partir del 18 de octubre de 2024 hasta 2025. Es una pieza realizada con bragas de mujeres del entorno de la artista, con las que compone formas circulares sobre un lienzo a modo de mandala, una figura utilizada en la tradición budista como herramienta visual para la meditación.

Con este trabajo, que pertenece a una serie más amplia integrada por otras cinco piezas —actualmente en las colecciones del CAAC de Sevilla y del MUSAC de León—, la artista quiso hacer una obra participativa, donde la gente se implicase. Tal como explica ella misma, fue recopilando “bragas de todo tipo, de España y de fuera, de jóvenes, de mayores, de gordas, de delgadas, festivas, sosas, sofisticadas... diferentes. Un trabajo que es también un muestrario de personalidades, de energías, de espíritus... sin dejar de ser una reivindicación. Es una representación espiritual desde un objeto de uso cotidiano casi invisible, que no se muestra. Esa fina línea entre la espiritualidad y la ironía me gusta y me da qué pensar”.

Emulando la práctica de la elaboración de mandalas de los monjes budistas, Pilar Albarracín lleva a cabo esta tarea larga y laboriosa buscando el equilibrio y la armonía estética en piezas en las que tiene que unir la ropa interior de mujeres de tallas, formas y estilos muy diversos. “No es una geometría perfecta, pero es que en la realidad la perfección no existe, aunque las cosas reales aportan datos y certezas”. A través del mandala, Albarracín busca una conexión transcendental entre todas las desconocidas que regalan esa parte de su intimidad para que sea transformada en material artístico. Resignifica las prendas y crea una composición sagrada que combina lo individual y lo colectivo. Cada braga representa a una mujer, esconde una historia y, todas juntas, revelan la historia de la mujer desde lo simbólico, alejada del *voyerismo* y el fetichismo tantas veces asociados a este objeto.

Una obra en la que la artista nos muestra “el origen de un nuevo mundo”.

PILAR ALBARRACÍN (Sevilla, 1968), vive e traballa entre Sevilla e Madrid. En 1993 licenciouse en Belas Artes pola Universidade de Sevilla. Desde comezos da década do noventa, o seu traballo —como unha das creadoras claves na renovación das linguaxes artísticas en España— púidose ver en importantes exposicións, tanto colectivas como individuais, en galerías e museos de todo o mundo, como o Musée d'Art Moderne de la Ville de Paris; o Hamburger Bahnhof de Berlín; o PS1 do MoMA de Nova York; o Istanbul Modern Sanat Müzesi de Istambul; o Centro Nacional de Arte Contemporánea de Moscova, o Museo Kiasma de Helsinki, o American University Museum no Katzen Arts Center de Washington D.C. ou o Chengdu Contemporary Image Museum. Tamén participou nas bienais de Venecia, Busán, Moscova, Sevilla, Quebec e Lyon, entre outras.

No ano 2021, a artista presentou, no CGAC e no marco da segunda edición de Plataforma. Festival de Artes Performativas, a mostra *Pilar Albarracín. Accións peregrinas*. Realizou ademais a *performance Acción peregrina I*, en colaboración co grupo folclórico de música e baile Brincadeira, na que os seus integrantes masculinos e femininos inverteron, no seu espectáculo e para esta ocasión, os roles tradicionais de xénero.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

PILAR ALBARRACÍN (Sevilla, 1968), vive y trabaja entre Sevilla y Madrid. En 1993 se licenció en Bellas Artes por la Universidad de Sevilla. Desde comienzos de la década de los noventa, su trabajo —como una de las creadoras claves en la renovación de los lenguajes artísticos en España— se ha podido ver en importantes exposiciones, tanto colectivas como individuales, en galerías y museos de todo el mundo, como el Musée d'Art Moderne de la Ville de Paris; el Hamburger Bahnhof de Berlín; el PS1 del MoMA de Nueva York; el Istanbul Modern Sanat Müzesi de Estambul; el Centro Nacional de Arte Contemporáneo de Moscú, el Museo Kiasma de Helsinki, el American University Museum en el Katzen Arts Center de Washington D.C. o el Chengdu Contemporary Image Museum. También ha participado en las bienales de Venecia, Busán, Moscú, Sevilla, Quebec y Lyon, entre otras.

En el año 2021, la artista presentó, en el CGAC y en el marco de la segunda edición de Plataforma. Festival de Artes Performativas, la muestra *Pilar Albarracín. Acciones peregrinas*. Realizó además la *performance Acción peregrina I*, en colaboración con el grupo folclórico de música y baile Brincadeira, en la que sus integrantes masculinos y femeninos invirtieron, en su espectáculo y para esta ocasión, los roles tradicionales de género.

COORDINACIÓN: Virginia Villar